

## **DECRETO DE ALCALDÍA**

Vista a necesidade de realizar la contratación da obra " **PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2017**", *Incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2107-2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)*", expediente nº 207/2018.

Vista a Providencia da Alcaldía, de data 31 de maio de 2018, na que se dispón o inicio dos trámites para a contratación da obra " PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2017", expte nº 207/2018, E se solicita informe sobre a existencia de crédito ao departamentos de Intervención e informe dos pregos á Secretaría.

Visto o informe de Intervención, de data 31 de maio de 2018, de fiscalización previa de conformidade, existiendo crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato nas partidas:

2018 0 4500 6101701 01 a cantidade de 25.993,84 euros

2018 0 4500 6101708 01 a cantidade de 123.780,18 euros do vixente orzamento municipal.

Visto o proxecto aprobado por Decreto n.º 2018-1254 de data 02 de novembro de 2017.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal Acctal., de data 12 de xuño de 2018, relativo á aprobación do expediente de contratación, así como aos pregos de cláusulas redactados para a presente licitación, en cumprimento do art. 122.7 da LCSP.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal, de data 6 de xuño 2018, sobre a avaliación da estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira, así como o informe, de idéntica data, de fiscalización favorable do expediente para a aprobación do gasto da partida presupuestaria:

2018 0 4500 6101701 01 a cantidade de 25.993,84 euros

2018 0 4500 6101708 01 a cantidade de 123.780,18 euros do vixente orzamento municipal, e en cumprimento do disposto na Disposición Adicional 3ª 3 da LCSP.

Examinada toda a documentación e de conformidade co establecido no artigo 117 de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 9/2017, LCSP, e Decreto de delegación nº 682/2015, de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias.

Visto todo o anterior, e ao abeiro do artigo 10 da Lei 40/2015

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto 682/2015, de 15 de xuño

**SEGUNDO.-** Aprobar O expediente de contratación do servizo de "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2017", expte nº 207/2018", que comprende o Prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto, previamente aprobado, que han de rexer o contrato. O presente contrato é de natureza administrativa conforme ao artigo 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Tramitaráse por procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación, de conformidade co disposto no artigo 159 da citada LCSP. No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

**TERCEIRO.** Autorizar, en contía de **149.774,02** euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás partidas:

2018 0 4500 6101701 01 a cantidade de 25.993,84 euros

2018 0 4500 6101708 01 a cantidade de 123.780,18 euros do vixente orzamento municipal.

**CUARTO.-** Iniciar o procedemento de adxudicación coa convocatoria da licitación, que se anunciará na Plataforma de Contratación do Estado e no perfil do contratante do Concello por un prazo de 20 días.

**QUINTO.** Publicar no perfil do contratante a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares, e o proxecto. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día da publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO.** Publicar a composición da mesa de contratación cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación.

**SEPTIMO.-** Comunicar o contido do acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde , na Estrada, co visto da Secretaria Acctal.

*Documento asinado dixitalmente á marxe*